

6 Frei Pedro, un monxe beneditino

Frei Pedro habita un mosteiro da orde beneditina situado no campo. Hai anos decidiu arredarse do mundo e encerrarse nun mosteiro para dedicarlle toda a súa vida a Deus, mediante o traballo, o recolemento e a oración.

Para ser admitido como monxe, primeiro tivo que pasar por un período de aprendizaxe (noviciado), e máis adiante, para ser ordenado, tivo que realizar tres votos: obediencia, pobreza e castidade. A partir daquel momento debería vestir o hábito que identificaba a súa orde e seguir estritamente a regra monástica.

A AS ORDES MONÁSTICAS

Os **mosteiros** estaban habitados por ordes monásticas, que podían ser de homes ou mulleres. Rexíao un **abade** ou **abadesa**, que tiña autoridade sobre eles pero estaba obrigado a consultarlle ao resto da comunidade.

As ordes estaban sometidas a unha **regra**, un conxunto de normas que determinaban como se debía organizar o mosteiro e como tiñan que vivir os monxes e máis as monxas.

A orde máis importante foi a dos **beneditinos** ou **bieitos**, fundada no século VI en Italia. No século XII, difundíuse a **orde do Císter**, unha reforma da orde beneditina, que coincidiu coa difusión do estilo gótico.

B LABORES DOS MONXES

As tarefas ou labores que debía realizar frei Pedro estaban sinaladas pola regra monástica, e as súas ocupacións centrábanse na oración e no traballo (**ora et labora**).

A regra marcaba o hábito que debían vestir, as comidas que podían tomar, e os labores para desempeñar durante todas as horas do día.

Non todos os monxes realizaban as mesmas funcións: uns copiaban manuscritos no **scriptorium**, outros cultivaban a horta, ou coidaban enfermos, ocupábanse da hospedaría, etc.

Os monxes debían gardar silencio a meirande parte do día, recibían poucas visitas e comían xuntos no refectorio ou comedor, mentres un deles lía libros sagrados.

O claustro era o lugar onde podían pasear, ler, meditar e comunicarse.

O HORARIO DUN MONXE



Organiza a información

- Imaxina que es un monxe que copia libros na biblioteca. Elabora un horario detallado das túas actividades ao longo do día.



A igrexa era unha construción central do mosteiro, que reunía un **conxunto de edificacións** (dormitorios, comedores, corte, bodega...) para albergar a comunidade de monxes ou monxas.

O mosteiro administraba as terras que estaban baixo a súa xurisdición. O mesmo que calquera outro **feudo**, dispoñía de servos para traballar, obtiña rendas dos campesiños, e os seus abades comportábanse como señores feudais.

Le e comprende

- Define os termos: *orde monástica*, *abade*, *beneditino*, *Císter* e *hábito*.
- Que era unha regra monástica? Que obrigas lles impoñía aos seus membros?
- Por que dicimos que un mosteiro era tamén un feudo? Quen traballaba as súas terras?

Observa e interpreta

- Describe cada unha das dependencias do mosteiro. Busca información e explica a función do *scriptorium*, refectorio, claustro e sala capitular. Que salas amosan que os monxes vivían en comunidade?

Ponte no seu lugar

- Desde o teu punto de vista, que normas che serían máis difíciles de cumprir? Xustifica a túa resposta.

1..Imagina que es un monxe que copia libros na biblioteca .Completa o seguinte horario detallado das súas actividades ao longo do día.:

1º ..de 06:00 am ata ás 07:00 am:..... levantarse e orar :	10º..de 18:00 pm ata ás 18:30 pm:.....orar:
2º..de 07:00 am ata ás 09:00 am:.....copiar manuscritos:	11º..de 18:30 pm ata ás 19:00 pm:comida
3º..de 09:00 am ata ás 09:30 am:.....orar :	12º..de 19:00 pm ata ás 19:30 pm.....copiar manuscritos:TRABALLO
4º..de 09:30 am ata ás 11:30 am:.....copiar manuscritos :	13º..de 19:30 pm ata ás 20:00 pm:.....orar:
5º..de 11.30 am ata ás 12:30 pm:.....orar:	14º ..de 20:00 pm ata ás 01:00 a.m.:.....repouso
6º..de 12:30 pm ata ás 13:00 pm:.....comida	15º..de 01:00 am ata ás 02:00am :orar:
7º..de 13:00 pm ata ás 15:00 pm:.....repouso	16º.. de 02:00 am ata ás 03:30 am :repouso
8º.. de 15:00 pm ata ás 15:30 pmorar:	17º..de 03:30 ata ás 04;30 am.....orar:
9º.. de 15:30 pm ata ás 18:00 pm:.....copiar manuscritos:	18º..de 04:30 am ata ás 06:00 am.....repouso

Totais:

Orar:6 horas

TRABALLO..... 7 horas

Repouso10 horas

Comida.....1 hora Total : 24 horas

..2..Relaciona cada termo coa definición correcta :

Termos:	Definición:
..a..ORDE monástica....nº:	..1..orden fundada no S.XI por ROBERTO DE MOLESMES NA CIDADE DE CITEAUX coa finalidade de devolver a austeridade á ORDE beneditina (cumplir a estricta orden e as regras e levar unha vida contemplativa ,o gran impulsor foi BERNARDO DE CLARAVAL .
..b..abade.....nº:	..2..INSTITUCIÓN RELIXIOSA formada por monxes ou montas que son creadas por un fundador ou fundadora e que seguen os principios ou regras da mesma ,por exemplo a dos BENEDICTINOS creada por SAN BENITO DE NURSIA e que teñen coma poema ORA ET LABORA .tiñan QUE ESTAR Autorizadas POLO PAPADO e seguían as regras e funcionaban coma un feudo ,os monarcas donaban terras e as persoas habitantes das mesmas,tiñan que pagar impostos ou tributos ao mosteiro e realizar traballos mel .Podían ser ordens relixiosas masculinas ou femininas
..c..beneditino:	..3..vestimenta en forma de túnica que debían utilizar os monxes (na ORDE de SAN BIEITO era merrón escuro e na do CÍSTER era branco)
..d..císter..	..4..ORDE fundadano S.VI en ITALIA por SAN BENITO DE NURSIA NA ABADIA DE MONTECASSINO ,DIFÚNDESE sobre todo no S. XII POLA REFORMA DO CISTER (as ordes acumularan moitas riquezas e poder),sobre todo a raíz da reforma cluniacense no S.X , ,pero acadaría moitísimo poder e riqueza .. ,ASÍ HOUBO UNHA REFORMA PARA DESPOXAR DE TODO O TERRENAL Á ORDE (REFORMA CISTERCIENSE) NO S.XII
..e..hábito.....	..5..figura visible que rexe a ORDE relixiosa e a vida dese mosteiro

..3..Qué era unha regra monástica?

..Qué obrigas lles impoñía aos seus membros?

..4..Por qué dicimos que un mosteiro era tamén un feudo?

..QUEN traballa a as SÚAS terras?

**..5..describe cada unha das dependencias do mosteiro.Busca información e explica a función do
SCRIPTORIUM,REFECTORIO,CLAUSTRO E SALA CAPITULAR**

..a vida do mosteiro xiraba arredor da igrexa ,centro de reunión dos monxes e dos habitantes do feudo ,arredor disponse edificacións coma a enfermería,hospedaria,ferrería,o muiño,as cortes para o gando,a horta para consumo da ORDE ,a cociña,a despensa.etc

SCRIPTORIUM		REFECTORIO	
CLAUSTRO		SALA CAPITULAR	

..Qué salas amosan que os monxes vivían en comunidade?

..pois as zonas comuns ou de reunión: CLAUSTRO,SALA CAPITULAR,REFECTORIO

..6..Dende o teu punto de vista:qué normas che serían mais difíciles de cumprir?Xustifica a túa resposta (resposta libre)